



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

5.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL. EXPTE.16962/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333).

Segundo.- Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 10 de maio de 2018 “durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado no DOG nº 70 (11-04-18), no BOP nº 48 (08-03-18), e no PERFIL DO CONTRATANTE (07-03-18) para a contratación por procedemento aberto “OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL. EXPTE. 16962-333”

| | | | |
|--|--|--|---------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/05/2018 10:54 | Páxina 1 de 2 |
| | Expediente 16962/333 | CSV: 2HEH55-A8A783-D93FB1-9QHF8Z-YESVN8-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

que rematou o día 7 de maio do presente ano ás 13:30 horas, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha empresa".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 10 de maio de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballeda (16.962-333) por non terse presentado ningunha proposición".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2018 10:54

Páxina 2 de 2

Expediente 16962/333

CSV: 2HEH55-A8A783-D93FB1-9QHF8Z-YESVN8-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>